

# O CONTO DA NENA QUE QUIXO CONTAR OUTRA HISTORIA

Unidade didáctica para Educación Primaria.

*Marta Dacosta Alonso*

## **Introdución:**

A presente unidade didáctica ten por obxecto ofrecer materiais para traballar ao redor da data do 8 de marzo. Sobre un texto condutor, vanse presentando preguntas e textos que servirán para a reflexión e o traballo de aula. Preténdese, dunha forma axeitada, provocar a reflexión sobre a problemática da muller e, especificamente, da muller escritora.

### **1. No tempo en que os animais falaban:**

*No tempo en que os animais falaban, naceu nunha vila galega unha nena chamada... chamada...*

(Vaia, axudádeme un pouco. Que nome lle poñemos á nena...? Yasmina? Mais a nena é galega! Jennifer? Ese nome tampouco é galego. Antía ... Uxía ... Noela ... Xoana ... Alba ... Aloia... Sabela... Aloia..., Aloia! Ese é un nome ben bonito, logo lle preguntamos á profe que sabe dese nome. Sigamos...)

*... unha nena chamada Aloía. Aloía era unha nena alegre, á quen lle gustaba facer amigos e amigas a eito, así que botaba o día a falar con todo o que pasaba preto da súa casa ou da súa escola. Mais un día de inverno, un día que deu en chover como ás veces chove neste país, sen parar, sen parar, día e noite, noite e día, Aloía non puído saír da casa, e entón tampouco puído falar con ninguén, e estaba aburrída, aburrída... aburridísima.*

*-Mamá estou aburrída... Mamá estou aburrída... Mamá estou aburrída...*

*Sabedes que lle díxo a súa nai?*

*-Pois se estás aburrída tira os pelos dunha perna e ponos noutra.*

*Algunha vez vos dixeron unha cousa tan extravagante? A mín sempre mo dicía miña nai.*

*-Mais como vou tirar os pelos duna perna para a outra.*

-Aloía, aproveíta que hoxe non podes saír fóra e sobe ao faiado. Alí arriba hai unha caixa en que gardo todos os contos que lín cando era coma tí de pequena.

-Ler contos... É iso quíta o aburrimento?

-Quíta, quíta... quíta o aburrimento de vez.

Entón Aloía subiu a todo correr. Procurou a caixa, era unha caixa enorme, e abríuna. Buf, cantos libros. Pequenos, grandes, medianos, gordos, delgados, de moítas cores, en branco e negro, pesados, líxeiros, vellos, menos vellos, rotos, enteíros, forrados de papel, roídos... Roídos dos ratos!

-É tí onde tíveches estes libros mama!

É Aloía comezou a abrir todos aqueles contos, abre por aquí, le por alá, botou o día enteíro. É desde aquel día subiu ao faiado todos os días que non podía saír fora, e non só iso. Trouxo ás amigas e aos amigos, leulles os contos. Colleunos do faiado e levounos para o seu cuarto, levábaos á escola. Vaía, que os libríños descansaran unha chea de tempo, máis agora non tíñan vagar, porque Aloía non os deixaba quietos.

É así foi como Aloía leu contos e máis contos e nunca máis se aburríu.

Vós sabedes moitos contos? Si? Pois imos ver unha cousa:

- Cantos contos coñecedes en que a princesa salve ao príncipe cun bico?
- E cantos coñecedes en que sexa o príncipe o que bique e salve á princesa?
- Cantos contos coñecedes en que a princesa loite polo príncipe?
- E cantos coñecedes en que sexa o príncipe o que loite pola princesa?
- Como son as princesas dos contos que coñeces?
- E que fan os príncipes?

Ummm! E por que non son as princesas as que salvan os príncipes?

Pois imos facer unha proba: sabedes o conto da Cincenta? Imos escribilo de novo, mais facendo que Cincenta sexa Cincento, é dicir, un neno, e o Príncipe sexa unha Princesa. Adiante...

.....  
.....  
.....

.....

.....

.....

.....

.....

E agora podeades escribir o voso propio conto, un conto en que a protagonista sexa unha nena...

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

## 2. A avoa de Aloia sabe botar contos:

A Aloía, a nosa Aloía, cando o sol se metía ía onda a súa avoa. Gustáballe moíto sentar ao seu carón, mentres a avoa non era quen de quedar sentada e erguíase un monte de veces a facer miles de cousas rutineiras. Metía leña na cociña, gardaba o pan na artesa, arrombaba os vasos que Aloía ía deixando pola cociña adiante ... un monte de cousas. E mentres facía e desfacía, falaba. Falaba con Aloía, preguntáballe pola escola, escoitaba as súas queixas e tamén botaba contos, uns contos fermosos que Aloía era quen de imaxinar, tan ben os contaba a avoa.

un día de inverno, un deses días en que o sol se mete no medio da tarde, a avoa contoulle o conto de Sabeliña e o xigante.

“Houbo unha vez, hai moitos anos, un pai e unha nai que tiñan unha filla chamada Sabeliña. Sabeliña a pesar de ser miúda era espelida e traballadora. Como eran moi pobres, foíse polo mundo adiante para gañar moitos cartos e axudar aos pais. Foi pedíndo traballo de porta en porta ...”

Sabeliña marcha polo mar adiante e chega a unha illa en que se atopa cun xigante, máis ...

"Sabeliña non tomou medo, plantouse diante del e díxolle:

-Quéreme tomar de criada, señor?"

E así conseguiu un traballo. O xigante era dos que ten un só ollo no medio da testa, é dicir, un cíclope, e tomou a Sabeliña de criada e, malia que a facía traballar, tamén lle daba moito de comer, para que engordase, porque o xigante era un pouco caníbal.

-Que é caníbal avoa?

-Pois caníbal é o ser humano que come outro ser humano.

-E logo? Quería papar a Sabeliña!? Que cacho ca...!

-Aloía! Esa boca!

-Que caníbal, avoa, ía dicir que caníbal!

-Xa non, que te vexo ...

Máis Sabeliña era unha nena moi lista e imaxinou as malas intencións do xigante, así que pensou como librarse del e saír ben parada.

O conto ía chegando ao seu final, mais eu non volo vou contar... non... non... que sempre facedes igual... contades a historia e mailo final e logo non hai intriga ningunha. Non volo conto, se queredes saber como remata tedes que preguntarlle á profe se está na biblioteca, é moi bonito e pequeno e está nunha colección de contos populares.

Cando a avoa rematou de botar o conto, Aloía quedou mirando para ela.

-Avoa, sabes unha cousa? Neste conto a protagonista é unha nena, que é valente e non se deixa vencer polo medo, ademais ela mesma se apaña e non precisa da axuda de ningún príncipe nín cabaleiro.

-Pois non, érache unha feminista esta Sabeliña.

- Por que dirá a avoa que Sabeliña é unha feminista? Que cres ti que é unha feminista? Coñeces algunha feminista?

- Esta historia de Sabeliña é parella dunha historia que escribiu Homero, un escritor grego que viviu entre os séculos IX e VIII antes de Cristo (hai 2800 anos). A obra de Homero titúlase *Odisea* e nela narra a lenda de Ulises, tamén chamado Odiseo, rei de Ítaca, que parte á guerra de Troia e tarda en volver moitos anos. Na lenda de Ulises tamén aparece un ciclope. No libro *Mitos e lendas da vella Grecia*, a escritora cubana Anisia Miranda recolle a lenda “A fidelidade de Penélope” que é a muller de Ulises. Lédea na clase e comparede a actitude de Penélope coa de Sabeliña.
- Debuxamos? Imos facer un debuxo de Sabeliña co Xigante. Podemos pórllle texto, como nas bandas deseñadas, mesmo podemos facer unha banda deseñada e inventar unha conversa entre as dúas personaxes.

Aloia estrañouse de que a historia de Sabeliña, sendo unha historia de viaxes e aventuras, estivese protagonizada por unha nena. Aloia dáse conta de que entre os contos da avoa e os que le en moi poucos casos a protagonista e a aventureira é unha nena. Sabe de Pipi Lanstrum, esa nena roxa de periquetes tesos que vai vestida de calquera xeito e vive soa, é unha nena moi valente que se atreve con todo, a Aloia gustaríalle ser como Pipi e facer algunha das cousas que ela fai, como que o cabalo, Señor Pinto, entre pola casa dentro. Na escola hai un libro, *A expedición do pacífico*, que está protagonizado por unha nena, Emilia, e que o escribiu a escritora Marilar Aleixandre. No libro houbo unha pasaxe que lle deu moito que pensar, era a seguinte:

*“-Cando sexa máis vella tamén irei nunha expedición ás selvas americanas.*

*-Pero, Emilia, -argumentaba a miña nai coa súa tranquila voz- as mulleres non andan por aí nas selvas. Cando teñas a idade de Andrés estarás casada, e ata pode que teñas un ou dous fillos, como me ocorreu a mín aos vinteún anos.*

*-Mamá -respondía eu con suavidade, pois non quería ferila dicindo que agardaba que non me sucedese o mesmo que a ela- eu quero estudar Zooloxía ¿Ou é que neste país as mulleres non van ir nunca á universidade? ¿É que cando papá e os seus amigos falan da liberdade non a queren para as mulleres?”*

- Neste fragmento que acabades de ler a protagonista pregunta se as mulleres non van ir nunca á universidade, e é que as mulleres só comezaron ir con

normalidade en datas moi recentes, no último cuarto do século XX, e esta novela está ambientada a mediados do XIX. Cales pensades que son os motivos que impedían ás mulleres cursar estudos universitarios? Parcévos xusto?

- Na biblioteca, procurade información sobre a escritora: Marilar Aleixandre. Citade outros dos seus libros. Alguén leu outro libro seu? Pode contarlle á clase?
- Imos facer un texto libre en que a protagonista sexa unha nena que fai algo que a vós vos parece que normalmente non fan as nenas.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

- Estamos falando dun tema que é a situación da muller e das nenas, reflexionando se teñen as mesmas oportunidades e se son tratadas iguais cós nenos, cós homes. Estas cousas que se contan na literatura suceden ao noso redor e entre vós mesmos, posibelmente sen vos dar conta. Pensade: a que xogades cando estades no patio?, quen se pelexa?, en que lugar do patio xogades?.

### **3. E Aloia decide contar outra historia:**

No cole de Aloía, a profe propúxolles aos nenos visitar a casa de Rosalía de Castro en Padrón, mais primeiro había que informarse de quen era Rosalía de Castro, así que fixeron unha ficha e buscaron información na biblioteca. Deste xeito souberon que Rosalía nacera un 24 de febreiro de 1837 en Compostela e que publicou o primeiro libro escrito íntegramente en galego desde a Idade Media. O libro era *Cantares gallegos* e publicouse no ano 1863. Anos máis tarde, en 1880, Rosalía publica outro libro de poesía *Follas Novas*. Non son os únicos libros da escritora, escribiu tamén catro novelas e outro libro de poesía en castelán, ademais de contos e

artigos periodísticos. A profesora explicoulles que naqueles anos non era habitual que os escritores empregasen o noso idioma e facelo era unha ousadía, moito maior se quen o facía era unha muller, pois era dobremente ousada, ousada por escribir en galego e ousada por escribir, pois non era habitual, xa que se consideraba que a obriga das mulleres era exclusivamente atender o fogar e os fillos e moí poucas delas chegaban a ter algún tipo de educación (naquela época so tres de cada cen mulleres, aproximadamente, podían ler e escribir).

A nosa escritora, unha das máis importantes na historia da literatura universal, non só na galega, era consciente de que o que facía non era considerado “normal” para unha muller, e de que era criticada por querer destacar como escritora e por facelo nunha lingua, a nosa lingua, que moitos consideraban lingua de pobres e incultos. Máis afortunadamente Rosalía non se amedrentou e puxo a primeira pedra para a recuperación da dignidade da nosa lingua e da nosa cultura. Un seu poema, *Xan*, reflexiona sobre a situación da muller, máis non o fai dicindo directamente as penurias que as mulleres pasan, senón dun xeito irónico, contando o contrario do que quere contar, máis deixando claro ao final do poema, que está a falar dunha situación extraordinaria.

## XAN

Xan vai coller leña ó monte,  
Xan vai a compoñer cestos,  
Xan vai a poda-las viñas,  
Xan vai a apaña-lo esterco,  
E leva o fol ó muiño,  
E trai o estrume ó cortello,  
E vai á fonte por augua,  
E vai a misa cos nenos,  
E fai o leite i o caldo...  
Xan, en fin, é un Xan compreto,  
Desos que a cada muller  
Lle conviña un polo menos.



Pero cando un busca un *Xan*,  
Casi sempre atopa un *Pedro*.

Pepa, a fortunada Pepa,  
Muller do *Xan* que sabemos,  
Mentras seu home traballa  
Ela lava os pés no rego,  
Cátalle as pulgas ó gato,  
Peitea os longos cabelos,  
Bótalles millo ás galiñas  
Marmura coa irmán d'o crego,  
Mira si hai ovos no niño,  
Bota un ollo ós mazanceiros,  
e lambe a nata do leite  
E si pode bota un neto  
Coa comadre, que agachado  
Traillo embaixo do mantelo,  
E cando *Xan* pola noite  
Chega cansado e famento,  
Ela x'o espera antre as mantas,  
E ó velo entrar dille quedo:

—Por Dios non barulles moito,  
Que me estou mesmo morrendo.  
—¿Pois que tés, ña mulleriña?  
—¿Que hei de ter? deita eses nenos  
Que esta *madre* roe en min  
Cal roe un can nun codelo,  
I ó cabo ha de dar comigo  
Nos terrós do simiterio...  
—Pois, ña Pepa, toma un trago  
De resólio qu'aquí teño,  
E durme, ña mulleriña  
Mentras os meniños deito.

De bágoas se enchen os ollos,  
De Xan ó ver tales feitos,  
Mas non temás, qu'antre mil,  
N'hai mais q'un ano antre os demos,  
N'hai mais que un atormentado  
Antre mil que dan tormentos.

- Neste poema Rosalía Castro emprega un recurso literario que chamamos ironía e que consiste en dicir o contrario do que se pensa para resaltar o que realmente queremos dicir. Empregade a ironía para expresar varias ideas e poñédeas en común.
- O poema é un romance, versos de oito sílabas que riman en asoante os pares. Tentade escribir un pequeno romance guiándovos polo poema de Rosalía, e tratando o mesmo tema.

*A Aloía encantoulle a vida de Rosalía, ímaxinaba unha muller intelixente e decidída que subía aos escenarios nas representacións teatraís en que participou. Un día, atopou no faiado un sombreiro antigo, púxolle unhas flores nun lado e vestiu unha camisa e unha saía da súa nai. Rouboulle unha pluma ao quico e así vestida, sentou na mesíña do seu cuarto e ímaxinou que ela era a poeta.*

*Tanto fantasíou Aloía, que acabou por decidir que quería ser escritora e que, ela tamén, como a súa heroína, ía escribir historias en que falase sobre as mulleres e as súas penalidades. Estaba farta de que non houbera nenas raíñas, nín piratas, nín aventureiras nos contos.*

*E daquela, iniciou un conto moí longo, que comezaba como moitos dos contos que lle dicía a súa avoa:*

*No tempo aquel en que os animais falaban, había unha nena ...*

**Escribimos o conto? Claro que si, escribímolo...**

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

### **INDICACIÓNS PARA O PROFESORADO:**

#### **Aloia:**

Como nome de muller, Aloia fai referencia ao topónimo do mesmo nome. O monte Aloia está situado no extremo meridional da Serra do Galiñeiro, no concello de Tui, e ten unha altura de 629 m. Formouse no proceso coñecido como oroxénico herciniano, en que baten dous continentes (Gondwana e Laurasia) que se unirán nun único, Panxea, hai 300-360 millóns de anos. O monte Aloia, Parque Natural desde 1978 e Sitio Natural de interese nacional desde 1935, conta cun centro de interpretación construído polo enxeñeiro Areses en 1921, onde se pode recoller diversa información sobre este parque natural, en concreto sobre as especies botánicas que nel se atopan, vinte especies vexetais diferentes, entre elas o abruñeiro, o capudre e o érbedo. Neste monte consérvanse restos dunha muralla ciclópea e na súa parte sur está o Alto dos Cubos, onde se poden visitar os restos dun poboado protohistórico que están en fase de escavación.

No Aloia celébrase o culto a San Xián, avogado dos males da cabeza, por iso moitas persoas subían a pé ao monte coas tellas da casa na cabeza, buscando remedio á cefalalxia. A ermida de San Xián é un templo románico reconstruído no ano 1713. Algunhas das formacións graníticas que se atopan no recinto do Aloia reciben nomes relacionados co santo, como a *Cama de San Xián*.

Desde os miradoiros do Aloia aínda hoxe se pode contemplar un extenso treito do río Miño e as súa marxes, e tamén do Val Miñor. Será por isto que ás veces moitas persoas se teñen preguntado se o mítico Medulio non sería este monte Aloia.

#### **Cincento e a princesa:**

Despois de darlle a volta ao conto podemos dramatizalo na aula. Esta actividade pode dar pé a debates entre os nenos e as nenas, pois malia seren pequenos e pequenas reproducen a sociedade en que viven e sairán comentarios sobre se os nenos fan ou non labores domésticos, se os poden ou queren facer ... Debemos favorecer este debate e facerlle entender a situación, só teñen que poñerse no lugar delas, ou deles.

Eliximos este conto porque crea a contradición de ter que inverter o xénero dos protagonistas, mais tamén polo tipo de traballos que ten que realizar Cincenta, traballos domésticos. Unha das cousas que pode ocorrer ao inverter o conto é que ao ser Cincento un home se presente a hipótese de que os traballos a que o someten sexan traballos considerados “masculinos”, mais debemos indicar que o conto só cambia en canto ao xénero dos protagonistas e que estes deben realizar os mesmos traballos, por moito que sexan traballos domésticos, e así chegaremos a outro dos puntos do debate.

### **Sabeliña e o xigante:**

Este conto forma parte da colección *Contos Populares* de A Nosa Terra.

### **A fidelidade de Penélope:**

O libro de Anisia Miranda, *Mitos e lendas da vella Grecia*, está publicado en Edicións do Castro (Sada, 1985). É unha ocasión para falar da escritora cubana e da súa vinculación co noso país.

Para unha información máis pormenorizada e literaria recomendamos o libro de peto *Diccionario de autores, obras y personajes de la literatura griega* de Vicente López Soto na Editorial Juventud (Barcelona, 1984).

### **A expedición do pacífico.**

Esta novela de Marilar Aleixandre foi premio Merlín 1994 e está editada por Xerais (Vigo, 1994). Aínda que se trata dunha obra indicada para lectores e lectoras de máis de trece anos, podemos ler esta e algunha outra pasaxe. O fragmento que recollemos está na páxina 9. Na propia novela hai un epílogo final que explica en que consistiu a

Expedición e, como en todos os libros desta colección, un capítulo en que a autora fala de si e de como se lle ocorreu escribir esta novela. Pódeselle contar aos nenos.

Entre as actividades propoñemos realizar un debate na aula. Parécenos importante que comprobemos a partir dos textos a situación de desigualdade en que viviu, e en que vive, a muller, mais este tema non debe ser visto polo alumnado como algo que sucede á marxe deles/as mesmos/as e co que non teñen que ver, por iso propoñemos o debate, con estas preguntas iniciais, mais coa intención de que se sigan facendo preguntas e sigan reflexionando sobre a súa actitude ante este tema. Débese evitar chegar a situacións de culpabilización, son nenos e nenas, e o seu comportamento está aprendido da familia e da sociedade que os rodea. Lembremos que se ben é certo que na educación dos nenos e nenas a familia xoga un papel fundamental, non poden permanecer alleos/as á sociedade en que viven, e dela tamén poden aprender comportamentos sexistas. En relación con isto un debate interesante sería sobre as series que ven na televisión, de tal xeito que poidan identificar os comportamentos sexistas e rexeitalos.

### **Xan:**

As actividades que propoñemos neste apartado son claramente literarias. Parécenos de interese dedicar dentro deste tema un apartado importante á nosa escritora, pois o seu foi un papel fundamental na literatura do XIX. Nesa altura as mulleres estaban comezando aparecer no ámbito literario nas distintas literaturas do mundo. A súa presenza propiciou a aparición de debates sobre o seu papel, a súa calidade, e mesmo os temas que ás mulleres lles estaba dado tratar. No libro *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía* de Celia M Armas (Compostela, Laiovento, 2002) conclúe: “había algúns temas que lle eran do máis “propicio”, como a lírica de tema paisaxístico, saudosos, amoroso... ou a prosa moralizante e relixiosa ... porque, segundo a ideoloxía da época (que se apoiaba en informes fisiolóxicos) diferenciábase dos homes na súa “exquisita sensibilidade” que lles permitía recriarse con naturalidade no mundo do amor.” (páx. 333)

Rosalía é unha das primeiras escritoras en todo o mundo que reflexiona sobre o papel da muller escritora, faino en *Las Literatas. Carta a Eduarda*, artigo que se publica no *Almanaque de Galicia* no ano 1865. Brevemente e dun xeito coloquial, Rosalía fala do mesmo tema que sesenta e tres anos despois abordará Virginia Woolf nas conferencias sobre *Muller e novela* na Sociedade Literaria de Newham (en outubro de

1828) que darían lugar á publicación do ensaio *Unha habitación propia*, o que se vén considerando texto referencial á hora de reflexionar sobre o papel das mulleres e, especialmente, das mulleres escritoras. Carmen Blanco, no ensaio *Literatura galega da muller*, di: “... *Las literatas*, ... analiza o conxunto de prexuízos que recaían sobre a escritora en xeral e a escritora casada en particular. O ensaio parte, por tanto, dunha actitude moi semellante á adoptada por Virginia Woolf en *Unha habitación propia* (1929), aínda que con menores pretensións. ... Se a obra de Virginia Woolf aínda é básica para comprender os condicionamentos materiais e psicolóxicos nos que se move a creación literaria feminina, a de Rosalía tamén o é para comprender os condicionamentos sociais cos que se tiña que enfrontar a escritora en xeral e de maneira moi especial a escritora galega.” (*Literatura galega da muller*, Vigo, Xerais, páx. 48)

Por outro lado, non debemos esquecer que a nosa autora non só se enfrontou á unha sociedade que non valoraba debidamente á muller, e por tanto á muller escritora, senón que tamén se enfrontou a unha sociedade que non lle recoñecía ao noso idioma o lugar que lle correspondía. Rosalía foi dobremente ousada no seu tempo, por loitar polo espazo que lle correspondía como escritora, sen dobregarse ao que unha escritora debía ser para a sociedade da época, e por reclamar e usar o espazo que ao noso idioma lle correspondía. Ela foi a primeira escritora que publicou un libro integramente en galego, *Cantares Gallegos*, co que se inicia o Rexurdimento en 1863.

Noutra orde de cousas, deterémonos en explicar o recurso da ironía e procurarmos que comprendan a súa utilización, deste xeito entenderán aínda mellor o texto rosaliano. Ademais aproveitaremos para traballar un pouco a poesía, cun texto de doada lectura e comprensión, comezaremos a practicar a escrita poética, case coma un xogo.

O poema está extraído da edición de *Follas Novas* realizada por Xosé Lois Bouzas Millán para a colección A Nosa Literatura da AS-PG, do ano 1996.

### ***Bibliografía:***

Os textos citados nesta unidade pertencen ás seguinte obras.

Aleixandre, Marilar, *A expedición do Pacífico*, Vigo, Xerais, 1994

Armas García, Celia M<sup>a</sup>, *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía*, Compostela, Laiovento, 2002

Blanco, Carme, *Literatura galega da muller*, Vigo, Xerais, 1991

Castro, Riosalía de, *Follas Novas*, Vigo, AS-PG, 1996

Colectivo Crisol, *Sabeliña e o xigante*, Vigo, Promocións culturais galegas, 1998

García Negro, M<sup>a</sup> P., Gómez Sánchez, A. e Rodríguez Sánchez, F. (ed.), *Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX. Antoloxía*, Vigo, AS-PG, 1996.

Miranda, Anisia, *Mitos e lendas da vella Grecia*, Sada, Edicións do Castro, 1985.

Vicente López Soto, *Diccionario de autores, obras y personajes de la literatura griega*, Barcelona, Editorial Juventud, 1984

Woolf, Virginia, *Un cuarto de seu*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia e Sotelo Branco, 2005.